VI. ANUNCIOS

C) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

ANUNCIO polo que se convoca o proceso selectivo para cubrir unha praza de persoal.

Praza: un/unha (1) técnico/a de sistemas (referencia: TSIS-26-INT-2026/13).

Modalidade contractual: contrato temporal de substitución dunha persoa traballadora en excedencia, con dereito a reserva do posto, regulado polo disposto no Estatuto dos traballadores aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, pola Lei 12/2001, de 9 de xullo, e polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro.

As bases do proceso selectivo están expostas na sede do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) (avenida de Vigo, s/n, Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela) e na páxina web https://emprego.cesga.es

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Todas as notificacións que a partir deste momento se orixinen como consecuencia deste proceso selectivo se farán públicas na páxina web do Cesga.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2026

María Pilar Martínez García
Xerente da Fundación Pública Galega
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

CVE-DOG: sacld4v6-rdn7-vam6-ljl2-t7gd8dfc8zt7